

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 01 DE FEBREIRO DO 2024.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Un de Febreiro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 25/01/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202401/300

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 24/01/2024. DECRETO: "PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO "SERVIZOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO E DINAMIZACIÓN DA SALA DE FITNESS, DINAMIZACIÓN DAS PISTAL DE PÁDEL E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE MONITORADO DO DEPARTAMENTO DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA""



3.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 24/01/2024 (Registro de entrada nº 1.954), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (patacas e perritos), na Avenida do Malecón, os días 09 ao 13/02/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar a Beatriz Gómez Costa** que deberá solicitar autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (patacas e perritos), na Avenida do Malecón, os días 09 ao 13/02/2024, á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- Como alternativa, autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (patacas e perritos), na Avenida do Malecón, os días 09 ao 13/02/2024, na **Avenida Rosalía de Castro**, ou calquera outra ubicación non pertencente a Portos de Galicia, e que deberá comunicar con antelación suficiente á Policía Local.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz**, de data 29/01/2024 (Registro de entrada nº 2.269), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (comidas), na Avenida do Malecón, os días 10 ao 13/02/2024, co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar a Eva Petrovich Díaz** que deberá solicitar autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (comidas), na Avenida do Malecón, os días 10 ao 13/02/2024, á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- Como alternativa, autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (comidas), na Avenida do Malecón, os días 10 ao 13/02/2024, na **Avenida Rosalía de Castro**, ou calquera outra ubicación non pertencente a Portos de Galicia, e que deberá comunicar con antelación suficiente á Policía Local.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.



- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Fernando Fernández Gómez

Visto o escrito presentado por **Fernando Fernández Gómez**, de data 29/01/2024 (Registro de entrada nº 2.270), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), no “*posto habitual de sempre*” (Avenida do Malecón), na semana do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar a Fernando Fernández Gómez** que deberá solicitar autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), no “*posto habitual de sempre*” (Avenida do Malecón), na semana do Entroido, á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- Como alternativa, autorizar a Fernando Fernández Gómez** para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), na **Avenida Rosalía de Castro**, ou calquera outra ubicación non pertencente a Portos de Galicia, e que deberá comunicar con antelación suficiente á Policía Local.
- Deberá proceder a abonar as taxas municipais con antelación á instalación do posto.**
- Deberá estar en posesión da correspondente póliza de seguros actualizada con antelación á instalación do posto**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23143 02.10.2023 JOAQUÍN GAGO RIAL, substitución de carpintería exterior en planta baixa e planta primeira de vivienda unifamiliar, na rúa do Monte, 2, Palmeira



7.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Kibu Inmuebles, S.L.U.

Visto o escrito presentado por Pablo Carregal García en representación de **Kibu Inmuebles, S.L.U.**, de data 25/07/2023 (Rexistro de entrada nº 2.022), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A938017710000UZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 12501/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400002022 do día 25 de xaneiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.


4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencia catastral 15074A938017710000UZ, encóntrase clasificada polo PXOM, segundo se recolle no plano 3.4 de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2.000, coma solo urbano urbano (S.U.) dentro do Polígono Industrial de Xarás

Este plan parcial foi aprobado inicialmente polo Concello en sesión celebrada en febreiro de 1985 e, conta con aprobación definitiva, o 13 de outubro de 1985, e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 20 de decembro de 1985.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da Lei 2/2016, do solo de Galicia, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.





Os usos globais son

- Uso Industrial
- Uso de equipamentos
- Uso de vias
- Uso de espazos libres, zonas verdes e deportivas.

As condicións para edificar neste tipo de parcela, segundo as definicións do Plan Parcial do Polígono do Xarás son as seguintes:

Parcela mínima:	500,00 m ²
Fronte mínimo:	14,00 m
Ocupación máxima da parcela:	75%
Edificabilidade máxima:	5,50 m ³ /m ²
Número de plantas:	3
Altura máxima de cornisa	9,00 m
Recuado mínimo á fronte	5,00 m
Recuados mínimos laterais	3,00 m, permitíndose acaroar aos lindeiros, previo acordo por escrito
Recuado mínimo posterior	3,00 m
Deberá contar cunha praza de estacionamento cada 100 m ² construídos.	

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da zona de protección da estrada autonómica AC-550, polo que deberá solicitar autorización para calquera acto de edificación ou usos do solo, ao Organismo Competente de Estradas da Xunta de Galicia.

8.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Abel Adelino Paz Romay

Visto o escrito presentado por Pablo Carregal García en representación de **Abel Adelino Paz Romay**, de data 30/11/2023 (Rexistro de entrada nº 202327729), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A00100457, situada en Lugar de Viñas, Artes, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 29/01/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos



presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Abel Adelino Paz Romay

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. de Viñas, parroquia de Artes, Ribeira.

Ref. Catastral: 15074A00100457

Plano do PXOM: Planos nº 2.12 e 8.3 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 30.11.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 202327729), unha solicitude de información urbanística.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información conta con dúas clasificacións, solo rústico e solo de núcleo rural.

A parte da situada ao norte atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como SÓLO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS SNR-B, plano 8.3 do PXOM, VIÑAS.

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais, aplicaráselle o disposto integramente no planeamento, agás no que se refire a edificacións tradicionais, ás que lle será de aplicación o disposto no art. 40 LSG.

Engade o RLSG, na súa Disposición Transitoria Segunda, apdo. 2 c), que serán de aplicación as maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será en todo caso o disposto nos arts. 36 a 40 do RLSG.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 134: Norma del suelo de núcleo rural en áreas medio consolidadas. SNR-B

Definición norma zonal S.N.R.-B

Comprende esta norma las áreas de suelo de los núcleos rurales anejas a las zonas consolidadas, que no llegan a definir claramente una trama de edificaciones, pero donde la edificación esta ocupado hasta un 50% de las parcelas próximas a las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.



Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación
- Restauración

Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 500 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. (y se cumplan el resto de las condiciones de edificación).

Condiciones de ocupación

Posición: Se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejora para las condiciones del espacio público y para las condiciones de edificación de las parcelas.

En áreas poco consolidadas se aplicará la normativa viaria.

La edificación se situará en la parcela aislada entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada o previo acuerdo entre lindantes. En cualquier caso, se trata de ocultar medianeras, no creando otras nuevas bajo ningún concepto, respetando en los otros casos un mínimo de 3 metros a linderos.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 35% de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,50 m²/m².

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una planta y aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima de la altura máxima.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.



Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las dimensiones y características de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación, permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 m², y no pudiendo superar los 50 m².

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.


Condiciones ambientales y estéticas.

Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este último caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.



Plano nº 8.33 do PXOM. SÓLO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS SNR-B. 3 VIÑAS
Inclúense tamén, a continuación, as normas xerais para o solo de núcleo rural recollidas no artigo 132 do PXOM.

Artículo 132: Normas generales

Cesiones

Cuando se pretenda construir nuevas edificaciones o sustituir las existentes, los propietarios deberán ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la regularización del viario.

Siempre que sea necesario proceder al ensanchamiento, apertura o mejoras de las vías de acceso



existentes en el suelo de núcleo rural, en áreas no consolidadas por la edificación estos deberán tener un ancho mínimo de 8 metros y en todos los casos, como mínimo, las nuevas construcciones o cierres, deberán retranquearse 4 metros del eje de la vía pública a que den frente.

En caso de ejecución de Planes Especiales de mejora de los núcleos rurales, se estará a lo dispuesto en el artículo 75.5 de la Lei do solo de Galicia.

Para los efectos de edificación todo terreno contará cuando menos con agua, energía eléctrica y evacuación de aguas residuales (colectiva o no). De no existir estos servicios, su obtención irá pareja a la construcción de la edificación. La colocación de toda fosa séptica se hará a 30 m. de cualquier pozo de agua.

Servicios urbanísticos

La conexión con los servicios urbanísticos existentes en el núcleo rural, para las nuevas edificaciones serán ejecutadas a costa de los promotores de las mismas.

A parte da parcela situada ao sur e este, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como solo rústico común.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráse o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita a información non conta con afeccións sectoriais, polo que se corresponde con **solo rústico de protección ordinaria**, recollido no artigo 33 da LSG.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Jesús Barreiro Castro

Visto o escrito presentado por **Jesús Barreiro Castro**, de data 25/01/2024 (Registro de entrada nº 2.085), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A036005520000KX e sita no Lugar de Saiñas nº 9, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/01/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A036005520000KX e sita no Lugar de Saiñas nº 9, Palmeira, Ribeira.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María del Carmen Oujo Vidal

Visto o escrito presentado por **María del Carmen Oujo Vidal**, de data 26/01/2024 (Registro de entrada nº 2.148), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A022015800000KP e sita no Rúa Braña da Área, Aguiño, Ribeira.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/01/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A022015800000KP e sita no Rúa Braña da Área, Aguiño, Ribeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

4325 17.02.2023 ARGYBAYFOR INVERSIONS S.L., primeira ocupación cambio de uso de local a vivenda, na Avda. de A Coruña, 16, entreplanta A, porta D, Ribeira

12.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. SANTIAGO GARCÍA DIZ POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MARCA VOLVO X C 40, MATRÍCULA 0073 LDK. EXPEDIENTE 2023 RESP000001.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. SANTIAGO GARCÍA DIZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 12 de agosto de 2022, D. Santiago García Diz, circulaba no seu vehículo, marca Volvo X C 40, con placas de matrícula 0073 LDK, polas inmediateiros das instalacións deportivas da Casa da Cultura da parroquia de Carreira, cando pinchou un pneumático do vehículo co material sobrannte das obras de reparación que se realizaron nas instalacións referidas, polo que tivo que substituír as dúas rodas dianteiras do citado automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 19/08/2022 co número 15.484, D. Santiago García Diz, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 348,48 euros, segundo factura de reparación dos danos que achega co escrito de reclamación xunto con varias fotografías do pneumático danado e do lugar do accidente.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 29/05/2023 co número 202300013087, achega o permiso de circulación do vehículo.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 23/08/2023; informe emitido polo capataz de obras e



vías públicas emitido na data 14/11/2023; e informe emitido pola enxeñeira municipal na data 15/11/2023.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos reclamantes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 02/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 02/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/02/2024 13:40:01



arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo o permiso de circulación do vehículo, o titular do mesmo é D. Santiago García Diz**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como administración responsable da execución das obras realizadas nas instalacións deportivas en cuxas inmediatezas tivo lugar o accidente (así se fai constar no informe emitido polo capataz de obras e vías públicas).

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación dos mesmos que achega o reclamante co seu escrito de reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público.

A este respecto, da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local non tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 23/08/2023: *"Consultados archivos policiales no consta intervención policial por daños sufridos en vehículo Volvo matrícula 0073LDK, el día 12/08/2022."*
- **A enxeñeira municipal tampouco tivo constancia do sucedido** e descoñece as actuacións que puidera ter realizado o Concello nas instalacións deportivas da Casa da Cultura de Carreira. Así o expresa en informe emitido na data 15/11/2023.
- **É o informe emitido polo capataz de obras e vías públicas na data 14/11/2023 o que aclara a actuación municipal nas instalacións deportivas antes referidas, aínda que sen deixar constancia de cómo sucederon realmente os feitos:** *"En relación al expediente de referencia se afirma que el pasado año se procedió a cambiar la pista multideporte existente en el parque del Centenario para la zona del campo de fútbol de la Casa de la Cultura de la parroquia de Carreira. Para la realización de este cambio se procedió a retirar la alambreada y las porterías de fútbol viejas existentes en el campo de fútbol de la Casa de la Cultura. Para ello se cortaron las porterías y se procedió a retirarlas de la zona para, posteriormente, colocar la pista multideporte hasta el momento instalada en el Parque del*



Centenario. Esa fue la obra que se realizó por parte de los operarios municipales en la zona. No se tiene constancia de la realización de ninguna obra más en el lugar. No se puede afirmar con total seguridad que los restos de material de obras a los que alude la reclamación presentada sean como consecuencia de las obras realizadas por los operarios municipales de cambio de instalaciones deportivas. Al terminar las obras se procede siempre a la recogida de herramientas y material sobrante, pero tampoco puede decirse con seguridad que algún resto de material de la obra haya quedado sin recoger.”

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, non é manifesto nin certo o feito de que os materias existentes nas inmediacións das instalacións deportivas proveñan das obras realizadas polos operarios municipais, pois o capataz de obras non pode asegurar que así sexa. A isto, engádese a dificultade de determinar se existe unha vinculación directa entre a posible existencia de materiais sobrantos da obra municipal e o dano xerado ó reclamante, pois non se presentou ningunha testemuña directa do accidente, nin ningunha outra proba coa que se puidese concluír con absoluta certeza a existencia dun defectuoso funcionamento do servizo público municipal.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Volvo X C 40, con placas de matrícula 0073 LDK, propiedade de D. Santiago García Diz.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D. Santiago García Diz**, polos danos no vehículo marca Volvo X C 40, con placas de matrícula 0073 LDK, polos motivos e fundamentos antes expostos.

13.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES – Novidades editoriais e coleccións

VISTA a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación**, Cruz Rivadulla Márquez, de data 24/01/2024, relativa á Orde do 26 de decembro de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais e para a mellora das coleccións bibliográficas, (DOG núm. 14 do 19/01/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro. Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións bibliográficas (programa B).



Segundo. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

14.- SOLICITUDE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA – Asoc. Cult. e Prestadora de Servizos de Carreira

Visto o escrito presentado por María Ventura Sampedro Rego en representación da **Asociación Cultural e Prestadora de Servizos de Carreira**, de data 19/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.558), no que solicita que se complete a denominación da Carreira Popular Santa Uxía co de “Memorial Miguel Ruiz”, como homenaxe á súa labor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que na vindeira Carreira Popular Santa Uxía (Ano 2024) ésta se denominará “Carreira Popular Santa Uxía Memorial Miguel Ruiz”, como homenaxe á súa labor. Asímesmo, nas seguintes edicións estudarase a permanencia ou non desta nova denominación.

15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Carmen Acebedo Seráns (MORRISON)

VISTO o escrito presentado por **Carmen Acebedo Seráns**, en representación do establecemento “Cervecería Morrison”, de data 25/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.072), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 12/02/2024, a partir das 22:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Carmen Acebedo Seráns**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 12/02/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h



Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Cervecería Morrison" (Ribeira) (**Carmen Acebedo Seráns**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."



CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

16.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO INCHABLES MUNICIPAIS – ANPA CEIP O Grupo

Visto o escrito presentado por Unai González Suárez en representación da **ANPA CEIP O Grupo**, de data 24/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.012), no que solicita o préstamo dos dous inchables municipais para a celebración da Festa do Entroido, o día 08/02/2024 pola tarde, no pavillón do CEIP O Grupo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Festa do Entroido, o día 08/02/2024 pola tarde, no pavillón do CEIP O Grupo (Ribeira).
- Autorizar a cesión de uso dos dous inchables municipais para a celebración da mesma.



17.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DE ESPAZO NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, no que solicitan a cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, desde o día 09/05/2024 ao 07/06/2024 (en horaio de 09:00 h. a 14:00 h.), así como os recursos materiais que haxa no mesmo (menaxe, utensilios, aparellos, etc...), co fin de realizar unha parte de aplicación práctica incluída nunha formación baseada no certificado de profesionalidade de operacións básicas en cociña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, desde o día 09/05/2024 ao 07/06/2024 (en horaio de 09:00 h. a 14:00 h.), así como os recursos materiais que haxa no mesmo (menaxe, utensilios, aparellos, etc...), co fin de realizar unha parte de aplicación práctica incluída nunha formación baseada no certificado de profesionalidade de operacións básicas en cociña.

18.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN RÚA SEN SAÍDA E REPINTADO DE LIÑA AMARELA – Carlos Manuel Fernández Tubío

Visto o escrito presentado por **Carlos Manuel Fernández Tubío**, de data 18/01/2024 (Rexistro de entrada nº 1.421), no que solicita a instalación de sinal de rúa sen saída e o repintado de liña amarela na Rúa Vella (Aguíño).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 26/01/2024, no que sinala que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 04/07/2023, foi aprobada a instalación de sinal S-15a (presinalización de calzada sen saída).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Que se proceda á instalación de sinal S-15a (presinalización de calzada sen saída) na Rúa Vella (Aguíño), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 04/07/2023.
- Autorizar o repintado da sinalización horizontal mediante liña amarela

19.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - Brais Vidal Rodríguez

VISTA a solicitude presentada por **D. Brais Vidal Rodríguez**, DNI ***889***, e domicilio en Pedra do Pino, nº 9 – Corrubedo - Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licencia de “arma tipo carabina”** das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):



« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.^a poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.^a fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.^a, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4.^a, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 22 de decembro de 2023, exame psicotécnico de data 10 de xaneiro de 2024, así como facturas das carabinas para as que solicita licenza.

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:



Primeiro:-Conceder a **D. Brais Vidal Rodriguez**, licenza para as armas carabina, **tipo 4.1 e 4.2**, que se relacionan a continuación:

"Pistola Tokyo Marui Hi-Capa 5.1 Stainless. Calibre: 6mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: E724463)"

"Fusil Airsoft M4 S System Metalica N-6613. Calibre: 6 mm. Categoría 4.1 (Nº SERIE: D0000717)"

"Arma lúdico-deportiva de Airsoft Tokyo Marui VSR-10 Pro Sniper Version. Calibre: 6mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: E704018)"

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

20.- PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVICIOS MÚLTIPLES EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021. EXPEDIENTE: 2024 PSEL000002.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- Por Decreto da Alcaldía de data 05/11/2021, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para 2021, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, e cumprindo as taxas de reposición a que se refire o artigo 19 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, co seguinte detalle:

Praza	Tipo de vínculo xurídico (funcionario de carreira/persoal laboral fixo)	Código RPT	Número de prazas ofertadas
Técnico de administración xeral (rama xurídica)	Funcionario de carreira	01.00.00.03	1
Oficial Policía Local	Funcionario de carreira	07.01.00.06	1
Policía Local	Funcionario de carreira	07.01.00.29 07.01.00.32 07.01.00.09	3
Conserxe	Persoal laboral (reservada para persoas con discapacidade)	04.02.03.02	1
Operario	Persoal laboral	04.02.01.09	1

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 232 do 02 de decembro de 2021, e no Boletín Oficial da Provincia número 215 do 11 de novembro do 2021.

2.- Por Providencia de Alcaldía asinada na data 23/01/2024, dispónse que se procede á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha



praza de operario/a de servizos múltiples, en desenvolvemento da OEP do Concello de Ribeira para o ano 2021.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto 896/1991, do 07 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

SEGUNDA.- En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. *Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos.* 7. *Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.*”

Así mesmo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala no seu artigo 57 o seguinte: “1. *O persoal funcionario de carreira seleccionárase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición. Só en virtude de norma con rango de lei, poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso.* 2. *O persoal laboral fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo anterior ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos. As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos do persoal laboral.*”

E no seu artigo 205, incluído no Título X da Lei e referido ás especialidades do persoal ao servizo das entidades locais, dispónse que: “1. *Cada entidade local levará a cabo os procesos de selección do seu persoal propio, de acordo coas regras básicas, en particular*



en materia de titulación, e cos programas mínimos fixados pola lexislación básica do Estado, e mais co disposto por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento. 2. Os procesos de selección e os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal propio das entidades locais réxense polas bases que aprobe o órgano da entidade local que resulte competente consonte a lexislación de réxime local, a quen corresponderá tamén a convocatoria. 3. Malia o previsto nas alíneas anteriores, as entidades locais, por acordo do pleno, poderán encomendar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e selección do seu persoal. Neste caso, a consellería competente en materia de Administración local aprobará as bases e as convocatorias e efectuará os correspondentes procesos selectivos no marco do establecido pola encomenda e por esta lei. 4. Os anuncios de convocatorias de probas de acceso ao emprego público local e dos procedementos para a provisión de postos de traballo deben publicarse no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia. As bases publicaranse no boletín oficial da provincia. 5. O nomeamento das persoas que superen o correspondente procedemento selectivo corresponderá ao órgano que, consonte a lexislación de réxime local, exerza a xefatura directa do persoal.”

TERCEIRA.- No presente caso, trátase da cobertura en propiedade, dunha praza de operario/a de servizos múltiples, persoal laboral fixo, en desenvolvemento da OEP do ano 2021.

A citada praza ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023 coas características que se dispoñen a continuación:

Código:	05.453.02.09
Denominación:	Operario/a servizos múltiples
Tipo	Laboral
Escala/Subescala/Clase/Categoría:	Categoría segundo convenio
Grupo:	V
Nivel:	14
Provisión:	C
R.N.:	U.E
Titulación:	Certificado de escolaridade ou equivalente
Formación Específica:	
Administración:	A.L.
Observacións:	

De conformidade co disposto nos artigos 61.7 TREBEP e 57.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, o Concello pode empregar calquera dos dous sistemas (oposición ou concurso-oposición), como procedemento de selección da citada praza de operario/a de servizos múltiples.

CUARTA.- Cómpre, asemade, ter en conta o disposto no artigo 19 Dous da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, vixente no momento da aprobación da OEP 2021, que ten carácter básico, e que dispón o seguinte: “*La validez de la tasa autorizada estará condicionada, de acuerdo con el artículo 70 del EBEP: a) A que las plazas se incluyan en una Oferta de Empleo Público que deberá ser aprobada por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. b) A que la convocatoria de las plazas se publique en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, en el plazo*



improrrogable de tres años, a contar desde la fecha de la publicación de la Oferta de Empleo Público en la que se incluyan las plazas. Como consecuencia de lo anterior la oferta autorizada se considera consumida una vez celebrados los procesos selectivos correspondientes, con independencia del resultado de dichos procesos.”

O apartado Tres, punto 3, do artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023, que tamén ten carácter básico, exprésase en sentido similar que o artigo antes citado: “3. La validez de la tasa autorizada estará condicionada, de acuerdo con el artículo 70 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público: a) A que las plazas se incluyan en una Oferta de Empleo Público que deberá ser aprobada por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año. b) A que la convocatoria de las plazas se publique en el Diario Oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, debiendo asegurar su ejecución en el plazo máximo de tres años.”

Neste sentido, enténdese que, neste expediente, cumpriuse co disposto no artigo 19 Dous da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2021 foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 05/11/2021, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 215 do 11/11/2021 e no Diario Oficial de Galicia número 232 do 02/12/2021, isto é, antes da finalización do ano 2021.

Agora cómpre proceder á súa total execución coa convocatoria das prazas que aínda non foron convocadas, como é neste caso a praza de operario/a de servizos múltiples.

QUINTA.- O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 14/07/2023.

Por to isto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/01/2024, e visto o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobación das bases que a continuación se transcriben para cubrir en propiedade unha praza de OPERARIO/A DE SERVICIOS MÚLTIPLES (persoal laboral fixo, código RPT vixente 05.453.02.09) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2021.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.



BASES DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES EN DESENVOLVEMENTO DA OEP 2021.

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2021, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 05/11/2021 e publicada no DOG número 232 do 02/12/2021 e no BOP da Coruña número 215 do 11/11/2021, e réxese polas seguintes normas:

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a cobertura en propiedade, a través do proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, dunha praza de OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES, pertencente ó cadro de persoal laboral fixo, grupo V, nivel 14.

De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza está adscrita ao departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas, unidade de mantemento de infraestruturas, código 05.453.02.09.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: certificado de escolaridade ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.



As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

- d) **Estar en posesión do Celga 1** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- e) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- f) **Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.
- g) **Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- h) **Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.**

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

3ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 8,14 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).



- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓN, seleccionando as seguintes opcións:

- Tributo: **Dereitos de exame.**
- A liquidar: **Grupo E ou asimilado.**
- Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **VINTE DÍAS NATURAIS, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO**. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- a) Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.
- b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia da titulación académica esixida na letra c) da Base 2ª.



- d) Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios, de ser o caso.
- e) A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.
- f) Copia do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- g) Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- h) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Non se terán en conta nin será valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP, páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título



informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.



As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

8ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicárase, a título informativo e complementario, na web do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

8.1. Sistema de Selección:

O sistema de selección é do de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación:

8.1.1. Fase de concurso de méritos.

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 10 puntos. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

a) Experiencia profesional:



- Experiencia a valorar: Valoraranse os servizos prestados como operario/a, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a). A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nun posto de operario/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,20.
- Forma de acreditación: A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos **(Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia)** suporá a non valoración do mérito alegado.
- Puntuación máxima por este apartado: 7 puntos.

b) Cursos de formación e perfeccionamento:

- Cursos a valorar: Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Igualmente valorarase dentro da formación continua os cursos realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto da convocatoria aínda que fosen expedidos por entidades privadas.

No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio



ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,20 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,40 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,60 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,80 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- Forma de acreditación: Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
- Puntuación máxima por este apartado: 3 puntos.

8.1.2. Fase de oposición.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo II, tanto da parte xeral como da parte específica.

O exercicio será cualificado de 0 a 18 puntos (a razón de 0,6 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 9 puntos (15 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".

- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos ou proba/s práctica/s determinados polo tribunal con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio e relacionado directamente coa parte específica do temario do Anexo II e coas funcións propias do posto convocado.

O exercicio práctico terá unha duración non superior a 60 minutos, quedando o Tribunal capacitado para determinar tempos inferiores de realización do mesmo.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 18 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 9 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio. Unicamente se publicará a



relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de “NON APTO/A”.

- c) **Terceiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdose ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO”. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 1, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

8.1.2.1. Desenvolvemento das probas da oposición.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declarárase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirles en calquera momento ós/as aspirantes que acrediten a súa identidade.



8.1.3. Presentación de reclamacións.

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web do Concello, de ser posible.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da fase de oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

9ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nas dúas fases do proceso selectivo. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Non obstante ó anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 2ª da presente convocatoria.

Efectuarase unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza co fin de crear unha bolsa de emprego para cubrir necesidades futuras na cobertura interina de postos ligados a praza da mesma natureza que a convocada.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1ª) a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición; 2ª) a notas máis alta no segundo exercicio da fase de oposición; 3ª) a puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; e 4ª) a puntuación mais alta no apartado de formación da fase de concurso.



De persistir o empate, este resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará a fin de garantir presenza voluntaria dos/as aspirantes afectados/as, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración.

10ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A.

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na Base 2ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

11ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo ao aspirante correspondente notificándolle a tal efecto. Esta resolución do alcalde publicárase no Boletín Oficial da Provincia.

A formalización do contrato efectuarase no prazo dun mes, a partir da referida publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e formas requiridas polo interese do servizo, con horario de tarde, de ser o caso, a determinar de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba por prazo dun mes, e co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

12ª.- BOLSA DE EMPREGO.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, e tal e como se dispón na Base 9ª, o Tribunal efectuará unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza.

Coa relación complementaria que determine o Tribunal, procederase á formación dunha bolsa de emprego por orde decrecente da puntuación total final, co fin de cubrir necesidades futuras na cobertura temporal de postos ligados á praza da mesma natureza que a convocada.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

13ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

13.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- Disponibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa



ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.

No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.

- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

13.2. Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicárase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto,



do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifeste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas outras de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.



- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

13.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicarse, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

13.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Solicitud de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

13.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

13.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.



A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

14ª NORMAS FINAIS.

Primeira.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ó tribunal encargado de xulgar os procesos e ás persoas que nel participan.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES EN DESENVOLVEMENTO DA OEP 2021.

APELLIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		



(*) Para as persoas que opten por relacionarse electronicamente con esta Administración para as comunicacións ou notificacións non suxeitas a publicación neste procedemento, a comunicación da dirección de correo electrónica servirá para enviarlle un aviso, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou na dirección electrónica habilitada única. En todo caso, a falta da práctica deste aviso no impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial do Estado número, de data/...../....., para a cobertura en propiedade dunha praza de OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES mediante o sistema de concurso-oposición:

1) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2) DECLARO que cumpro os requisitos sinalados na base 2ª da convocatoria, e que os datos consignados nesta solicitude son certos.

3) ACHEGO os seguintes documentos – base 4- (marcar con “X”):

☐ Documento nacional de identidade, NIE, pasaporte ou documento equivalente válido en dereito.

☐ Copia da titulación académica esixida.

☐ Celga 1 ou equivalente.

☐ Copia do permiso de conducir da clase B.

☒ Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame.

☒ Certificación de discapacidade (de ser o caso), xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo emitido por órgano competente.

☒ Relación dos méritos.

☒ Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

4) ELIXO a seguinte lingua para a realización dos exercicios da oposición (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor opta pola lingua galega).

☐ Castelán

☐ Galego

5) AUTORIZO ao Concello de Ribeira a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das delas entenderase que o/a opositor/a non autoriza a comunicación electrónica).

☐ SI

☐ NON

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA

ANEXO II:

TEMARIO

PARTE XERAL

1. A Constitución española de 1978: Estrutura. Título Preliminar.



2. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais.
3. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

PARTE ESPECÍFICA

4. O Concello de Ribeira. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rúas, prazas e situación das súas principais infraestruturas, edificios e servizos públicos.
5. Pavimentos para vías públicas. Materiais. Ferramentas: uso e mantemento.
6. Albanelería. Materiais empregados na construción. Útiles, ferramentas e maquinarias. Coñecementos técnicos.
7. Revestimentos. Tipos. Materiais. Medios auxiliares. Ferramentas.
8. Pintura. Nocións xerais. Materiais, ferramentas e operacións básicas.
9. Movemento de terras. Ferramentas. Útiles. Medios auxiliares. Execución.
10. Seguridade viaria. Sinalización e balizamento das obras que se executen en vías públicas. Consellos e normas de seguridade viaria.
11. Prevención de riscos laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Normas básicas de seguridade e saúde laboral. Equipos de protección colectiva e equipos de protección individual.

21.- EXTINCIÓN DE SERVIDUMES CONSTITUÍDAS A FAVOR DE INMOBLE PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 22/10/2020, o Concello de Ribeira adquiriu a propiedade das seguintes fincas:

1. *Urbana: Casa de planta baixa e un piso, sinalada co número 91 da Rúa de Galicia do municipio de Ribeira, que ocupa a superficie de 78,40 metros cadrados, que linda: fronte, a rúa da súa situación; dereita entrando, casa de D^a Concepción Colomer Martínez, hoxe Comunidade Propietarios Rúa de Galicia 99 e Praza de España, 1 N2-6; esquerda, calexa de D^a Ramona Fernández Vilas, e D^a Manuela Pérez Pensado; e de costas, máis de D^a Manuela Pérez Pensado, que é a finca que se describe a continuación.*
2. *Urbana: Horta ó nomeamento de "Riveira", sita en Santa Uxía de Ribeira, dunha superficie aproximada de 350,36 metros cadrados, que linda: Norte, en liña de 28 metros 5 centímetros, almacén de D^a Concepción Colomer Martínez, hoxe Comunidade Propietarios Praza de España, 1 N2-E; Sur, en liña de 30 metros 15 centímetros, resto de finca matriz de onde procede a deste número, de D^a*



Ramona Fernández Vilas, hoxe Teresa Manuela Pérez Rivas; Este, en liña de 12 metros 23 centímetros, casa de D. Dionisio Pérez Vidal, hoxe a finca descrita anteriormente; e Oeste, en liña de 11 metros 85 centímetros, horta de D^a Concepción Colomer Martínez, hoxe Comunidade de Propietarios Praza de España, 1 N2-6.

Ten ó seu favor servidume de paso, con independencia de calquera outro que se lle puidera dar a través dalgún dos seus lindeiros ou por agrupación ou anexión a outra finca que o tivera propio, polo sendeiro particular, propio de D^a Ramona Fernández Vilas, que hai entre as casas de D. Dionisio Pérez Vidal e a de herdeiros de D. Antonio Santos.

Ten, ademais, servizo de auga e saneamento polo citado sendeiro particular, que será común coa propiedade do resto da finca matriz, D^a Ramona Fernández, ou calquera persoa que dela adquirira causa.

Segundo.- O citado acordo de compravenda foi elevado a escritura pública na data 10/11/2020, autorizada pola Notaría de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 987 de protocolo.

Na citada escritura procédese tamén á agrupación das dúas fincas ós efectos de formar unha soa finca, que se describe así:

- Urbana: Casa de planta baixa e un piso, sinalada co número 91 da Rúa de Galicia, desta Cidade de Santa Uxía de Ribeira, que ocupa a superficie de 78,40 metros cadrados, que ten unido pola súa costa, Oeste, un terreo a horta ó nomeamento de "Riveira", formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 428,76 metros cadrados, si ben hoxe, segundo resulta da certificación catastral descriptiva e gráfica, resulta ter 431 metros cadrados, que linda: fronte, Este, a rúa da súa situación; dereita entrando, Norte, Comunidade Propietarios Rúa de Galicia 99 e Pz de España, 1 N2-6; esquerda, Sur, calexa de D^a Ramona Fernández Vilas, e D^a Manuela Pérez Pensado e de D^a Teresa Manuela Pérez Rivas; e de costas, Oeste, Comunidade de Propietarios Pz de España, 1 N2-6.
- Referencia Catastral: 0718017NH0101N00011F.
- Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia ó Tomo 1555, Libro 468, Folio 113, Finca número 37903.

Terceiro.- No inmovible adquirido está proxectada a execución dunha biblioteca municipal. No proxecto da obra contéplase realizar as acometidas directamente á rúa, dende a fachada principal do edificio. Así mesmo, os accesos ó inmovible realizaranse directamente desde a rúa.

Cuarto.- Por Providencia da Alcaldía de data 23/01/2024, resolveuse incoar expediente para extinguir as servidumes de paso, auga e saneamento constituídas a favor do inmovible coa referencia catastral 0718017NH0101N00011F, propiedade do Concello de Ribeira.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Código Civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



PRIMEIRA.- De conformidade co disposto no artigo 546 do Código Civil, **as servidumes extínguense:**

1º Por reunirse nunha mesma persoa a propiedade do predio dominante e a do servinte.

2º Polo non uso durante vinte anos. (...).

3º Cando os predios veñan a tal estado que non poda usarse da servidume; pero esta revivirá se despois o estado dos predios permitira usar dela, a non ser que cando sexa posible o uso, transcorra o tempo suficiente para a prescripción, conforme ó disposto no número anterior.

4º Por chegar o día ou realizarse a condición, se a servidume fora temporal ou condicional.

5º Pola renuncia do dono do predio dominante.

6º Pola redención convida entre o dono do predio dominante e o do servinte.

SEGUNDA.- No caso que nos ocupa, as servidumes de paso, auga e saneamento constituídas a favor do inmovible hoxe propiedade do Concello de Ribeira, xa non son necesarias, debido a agrupación das parcelas descritas no antecedente de feito primeiro, é as obras proxectadas para a execución dunha biblioteca municipal que contempla o acceso ó inmovible directamente desde a rúa, así como a realización das acometidas directamente á rúa dende a fachada principal do edificio.

Sendo o Concello de Ribeira o dono do predio dominante, non existe ningún inconveniente legal para proceder á extinción das servidumes antes referidas pola causa recollida no apartado 5º do artigo 546 do Código Civil: renuncia ás mesmas do dono do predio dominante.

TERCEIRA.- O órgano competente para a adopción do acordo que corresponda enténdese que é o Alcalde, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Renunciar ás servidumes de paso, auga e saneamento constituídas a favor do inmovible de referencia catastral 0718017NH0101N0001IF, inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia ó Tomo 1555, Libro 468, Folio 113, Finca número 37903, propiedade do Concello de Ribeira, recollidas na escritura de compravenda e agrupación autorizada pola Notaría de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 10/11/2020 co número 987 de protocolo.

SEGUNDO.- Anotar o acordo de renuncia no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, de ser necesarios.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a todas as partes interesadas.



22.- PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A SOLDADOR/A. EXPEDIENTE: 2024 PSEL000003.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- Na data 24/01/2024, o capataz de obras públicas, José Manuel Queiruga Brión, co visto e prace do concelleiro delegado de infraestruturas e obras, deportes, transparencia e participación veciñal, Xavier Vidal Peón, asinan unha memoria xustificativa da necesidade e urxencia da contratación temporal dun/dunha operario/a soldador/a.

2.- Por Providencia de Alcaldía asinada na data 29/01/2024, dispónse que se procede á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a contratación temporal dun/dunha **OPERARIO/A SOLDADOR/A** para o departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas, unidade de mantemento de infraestruturas, coa emisión dos informes xurídico e económico precisos sobre a posibilidade de realizar a contratación, a súa modalidade e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- PRINCIPIOS XERAIS NA SELECCIÓN DE PERSOAL: A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

SEGUNDA.- SISTEMAS SELECTIVOS: En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude



de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. **7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos.** As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, **a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015**, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (“*axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección*”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 3 do artigo 11 do TREBEP, recentemente engadido pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que dispón: “3. *Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirán igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.*”

TERCEIRA.- DEFINICIÓN DA PRAZA A CUBRIR E INCLUSIÓN NO CADRO DE PERSOAL

E NA RPT: No caso que nos ocupa, é necesario proceder á contratación temporal dun/dunha OPERARIO/A SOLDADOR/A, segundo a necesidade posta de manifesto no informe asinado polo capataz de obras públicas e o concelleiro delegado de infraestruturas e obras.

Este posto de traballo figura no cadro de persoal dos orzamentos municipais de 2023, que se prorrogan ó ano 2024, e está recollido na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, na forma que se dispón a continuación:

Código	05.453.02.14
Denominación	OPERARIO/A SOLDADOR/A
Área de adscrición	DEPARTAMENTO DE OBRAS PÚBLICAS, UNIDADE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS. SECCIÓN DE OBRAS E VÍAS PÚBLICAS.
Tipo de persoal	L
Escala	CATEGORÍA SEGUNDO CONVENIO
Grupo	V
Nivel	14
Funcións	Asumir a realización das funcións/tarefas especializadas no eido da soldadura (e relacionadas) que resulten propias da súa condición e capacitación profesional así como das actuacións a desenvolver pola Unidade de adscrición. Asumir a realización daquelas outras funcións/tarefas múltiples que resulten propias da capacitación profesional e/ou legal inherentes así como das actuacións a desenvolver pola Unidade de adscrición. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e legal, e vinculado ó eido competencial no que se integra.
Observacións	



Ao tratarse de persoal laboral, como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos/as aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos/as admitidos/as e excluídos/as, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

CUARTA.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DISPOSTOS NA LEI DE PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO: Neste ano 2024, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 20 da Lei 31/2021, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023 (que se entende prorrogado ó ano 2024), de carácter básico.

No referido precepto dispónse que: *“La incorporación de personal de nuevo ingreso con una relación indefinida en el sector público, a excepción de los órganos contemplados en el apartado Uno.e) del artículo anterior, se llevará a cabo a través de la Oferta de Empleo Público, como plasmación del ejercicio de la planificación en un marco plurianual.”*

No presente caso, trátase da contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022 que dispón o seguinte: *“1. La contratación de personal laboral, así como los nombramientos de personal funcionario y estatutario habrán de realizarse con carácter fijo, indefinido o permanente, según proceda. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable.”*

A este respecto, consta no expediente memoria xustificativa da necesidade de realizar a contratación asinada polo capataz de obras e polo concelleiro delegado de infraestruturas e obras na data 24/01/2024. Na referida memoria, dispónse o seguinte: *“Na Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente por acordo plenario de data 27/03/2023 e no cadro de persoal dos orzamentos municipais para o ano 2023 aprobado por acordo plenario de data 11/10/2023, e prorrogado durante o ano 2024 mentres non se aproben os novos orzamentos, recóllese unha praza de OPERARIO/A SOLDADOR/A adscrita ao departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas, unidade de mantemento de infraestruturas, código 05.453.02.14. A citada praza atópase vacante, polo que non hai ningún operario/a que se poida adicar ás numerosas tarefas de soldadura e cerrallaría cuxa realización resulta imprescindible para o axeitado e bo mantemento das infraestruturas propias do Concello de Ribeira: parques infantís, mobiliario urbano, edificios públicos, mantemento da maquinaria, etc. Debendo recorrer á contratación externa para as labores de mantemento que precisen de traballos de soldadura. Por estas razóns, estímase necesario cubrir este posto de traballo, coa finalidade de completar e reforzar a unidade de mantemento de infraestruturas municipais cun/cunha traballador/a que poida realizar as labores de soldadura antes referidas.”*

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 20. Cinco da citada da Lei estatal, xa que o límite citado polo artigo (*“necesidades urxentes e inaprazables”*) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.



QUINTA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN: O artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, dispón que poderán celebrarse contratos de duración determinada nos seguintes supostos: c) cando se trate de substituír a traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, sempre que no contrato de traballo se especifique o nome do substituído e a causa da substitución.

A este respecto os artigos 4 e 6 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, que regulan o contrato de interinidade, matizan que o seu obxecto pode ser dobre: substituír a un traballador con reserva de posto de traballo, en virtude de norma estatal, convenio colectivo ou acordo individual (interinidade por substitución); ou cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva (interinidade por vacante).

Cómpre, sen embargo, ter en conta o Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que modifica o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores Así, trala reforma laboral, os contratos de duración determinada quedan reducidos a:

1. Por circunstancias da produción (artigo 15.2 ET).
2. **Por substitución da persoa traballadora** cando esta teña reserva de posto:
 - a) Para a **substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva** de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución.
 - b) Para **completar a xornada reducida por outra persoa traballadora** cando dita redución se ampare en causas legalmente establecidas ou o convenio colectivo.
 - c) Para a **cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción** para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo. Neste suposto, a duración non pode ser superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido en convenio colectivo, nin pode celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dita duración máxima. Para o sector público, o parágrafo 3º da disposición adicional 4ª do Real Decreto-Lei 32/2021 establece que “se poderán subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e nos termos establecidos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.” Para estes efectos, enténdese que o prazo de tres anos que regula o artigo 10 do TREBEP, na súa modificación realizada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aplicable ao persoal funcionario interino, debe facerse extensivo ao persoal laboral interino en aplicación da xurisprudencia do TS e polo risco de obter unha declaración xudicial de declaración de persoal laboral indefinido non fixo: *“1. Son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias: a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos previstos no apartado 4.*



(...) 4. No suposto previsto no apartado 1.a), as prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de cada Administración Pública. Non obstante, transcorridos tres anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de interinidade, e a vacante so poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, agás que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso poderá efectuarse outro nomeamento do persoal funcionario interino. Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se tivera publicado a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta conforme ós prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese dé lugar a compensación económica.”

Polo tanto, e segundo o referido, a modalidade contractual a utilizar é a de contrato de interinidade por vacante polo prazo máximo de 3 anos.

Á finalización do contrato de substitución, o traballador non ten dereito a indemnización algunha (artigo 49.1.c ET).

SEXTA.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.- O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 14/07/2023.

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 29/01/2024, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/01/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación laboral temporal dun/dunha OPERARIO/A SOLDADOR/A.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A SOLDADOR/A.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, para a cobertura dunha praza de OPERARIO/A SOLDADOR/A, pertencente ó cadro de persoal laboral, grupo V, nivel 14.



De conformidade co disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira, aprobada na data 27/03/2023, a praza está adscrita ao departamento de obras públicas e mantemento de infraestruturas, unidade de mantemento de infraestruturas, código 05.453.02.14.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

As funcións propias do praza obxecto da convocatoria son as seguintes:

- Asumir a realización das funcións/tarefas especializadas no eido da soldadura (e relacionadas) que resulten propias da súa condición e capacitación profesional así como das actuacións a desenvolver pola Unidade de adscrición.
- Asumir a realización daquelas outras funcións/tarefas múltiples que resulten propias da capacitación profesional e/ou legal inherentes así como das actuacións a desenvolver pola Unidade de adscrición.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional e legal, e vinculado ó eido competencial no que se integra.

2ª.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase baixo a modalidade contractual de interinidade por vacante, de conformidade co artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa modificación realizada polo artigo primeiro, apartado tres, do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e co parágrafo 3º da Disposición adicional cuarta do citado Real Decreto-lei 32/2021, en correlación co disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa modificación realizada Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no que respecta ó prazo de duración da contratación.

Os servizos prestaranse a xornada completa, de luns a venres, en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo.

O contrato durará ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, co límite máximo de tres anos en aplicación da normativa antes referida.

A extinción do contrato laboral producirase, ademais de polo vencemento do prazo de duración mencionado, polas causas previstas no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

3ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) **Ter a nacionalidade española.** Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade



española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

- b) **Ter feitos os 16 anos** e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) **Estar en posesión** (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) **da seguinte titulación: certificado de escolaridade ou equivalente**, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de alegarse documentalmente a norma que estableza a equivalencia ou, no seu defecto, acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar, na data na que remate o prazo de presentación de instancias, que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial de homologación a título habilitante español, ou certificado da súa equivalencia á titulación.

- d) **Estar en posesión do Celga 1** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. No seu defecto, ó/á aspirante deberá acreditar o coñecemento da lingua galega coa realización dunha proba específica.
- e) **Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.** A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.
- f) **Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade**, conforme á normativa vixente.
- g) **Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública** ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, **nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta** ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou



equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- h) **Estar en posesión do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.**

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberánse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

4ª.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 8,14 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓN, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame.**
 - A liquidar: **Grupo E ou asimilado.**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "*Pagar on line*", ou "*imprimir recibo*" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta Convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 03 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.



O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.**

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira <https://sede.ribeira.gal>

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.
- Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia da titulación académica esixida na letra c) da Base 3ª.
- Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios, de ser o caso.
- A acreditación do coñecemento da lingua galega se se dispón dela. En caso contrario a persoa aspirante terá que realizar a proba do coñecemento do idioma galego.
- Copia do permiso de conducir da clase B, en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes. Dita documentación deberá ir ordenada e numerada segundo a orde establecida nesta convocatoria.

Non se terán en conta nin será valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do



seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través da páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). As relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 5ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

7ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica), para presentar as reclamacións oportunas ou poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, agás que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.



8ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual, sen que poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer de persoas asesores especialistas para as probas, que serán nomeados pola Alcaldía-Presidencia, así como de persoal de soporte e apoio que sexa necesario para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Os asesores especialistas colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador, adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos do Tribunal Cualificador poderase interpoñer o seguinte recurso:

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou



prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que no esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que estime pertinente.

9ª.- PROCESO SELECTIVO.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do Concello (www.ribeira.gal), no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

9.1. Sistema de Selección:

O sistema de selección é do de **CONCURSO-OPOSICIÓN** que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación:

9.1.1. Fase de concurso de méritos.

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 10 puntos. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

a) Experiencia profesional:

- **Experiencia a valorar:** Valoraranse os servizos prestados como OPERARIO/A SOLDADOR/A, en calquera Administración Pública, e na condición de empregado público (laboral ou funcionario/a), así como en empresas ou centros privados. A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nun posto de operario/a e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,20 no caso de servizos prestados no sector público, e por 0,15 no caso de servizos prestados no sector privado. Así mesmo, tamén se valorarán os servizos prestados en postos análogos ó da convocatoria, entendendo por posto análogo o que teña igual contido funcional ó posto da convocatoria, circunstancia que deberá quedar acreditada polo/a aspirante ó proceso selectivo.



- **Forma de acreditación:** A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e fin. A non presentación de ámbolos dous documentos **(Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia)** suporá a non valoración do mérito alegado.

Os servizos prestados no sector privado acreditaranse co contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e o posto de traballo desempeñado. A non presentación de ámbolos dous documentos **(Vida laboral + contrato de traballo e/ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de xeito fidedigno o tempo traballado e o posto de traballo desempeñado)** suporá a non valoración do mérito alegado.

Para o caso da valoración dos servizos prestados en postos análogos ó da convocatoria, o/a aspirante deberá acreditar con documento expedido pola entidade contratante (certificado, informe, contrato laboral, etc), que as funcións desempeñadas nese posto son análogas ás funcións de operario/a soldador/a. A non aclaración desta circunstancia, suporá a non valoración do mérito alegado.

- **Puntuación máxima por este apartado:** 7 puntos.

b) Cursos de formación e perfeccionamento:

- **Cursos a valorar:** Valorarase a realización, participación, asistencia e aproveitamento, como alumno/a, de cursos de formación e/ou perfeccionamento impartidos por unha Administración Pública, por unha Universidade, por Colexios Profesionais, Institutos ou Escolas Oficiais, por unha institución sindical, ou privada, sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou institución de Dereito Público e sempre que se atopen relacionados coa praza á que se opta.

Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Igualmente valorarase dentro da formación continua os cursos realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea relacionado coas funcións e tarefas propias da praza obxecto da convocatoria aínda que fosen expedidos por entidades privadas.

No caso de que non se especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 5 horas, non se concederá puntuación algunha. Tampouco se puntuarán os certificados de asistencia a congresos, charlas, xornadas ou similar estean ou non relacionados co posto de traballo.

Así mesmo, valoraranse os cursos considerados transversais polo seu interese para todos os postos, como os de coñecemento da lingua galega (a excepción dos títulos acreditativos do coñecemento da lingua galega esixidos como requisito para a participación no proceso selectivo



do posto ó que se opta), os relacionados coa saúde laboral e prevención de riscos laborais, cos dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos, co procedemento administrativo común, coa transparencia, coa igualdade e violencia de xénero, a protección de datos, a atención ao cidadán e habilidades comunicativas e sociais, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, os idiomas (agás o coñecemento da lingua galega ao tratarse dun requisito non dun mérito) e os de contido ofimática e informática.

- Por cursos de duración comprendida entre 5 e 20 horas: 0,20 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 21 e 40 horas: 0,40 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 41 e 60 horas: 0,60 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 61 e 100 horas: 0,80 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- Forma de acreditación: Realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente.
- Puntuación máxima por este apartado: 3 puntos.

9.1.2. Fase de oposición.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

- a) **Primeiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder por escrito, no tempo máximo de 60 minutos, un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria que se recolle no Anexo II, tanto da parte xeral como da parte específica.

O exercicio será cualificado de 0 a 18 puntos (a razón de 0,6 puntos por cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 9 puntos (15 respostas correctas) para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados/as.

Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".

- b) **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos ou proba/s práctica/s determinados polo tribunal con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio e relacionado directamente coa parte específica do temario do Anexo II e coas funcións propias do posto convocado.

O exercicio práctico terá unha duración non superior a 60 minutos, quedando o Tribunal capacitado para determinar tempos inferiores de realización do mesmo.



A puntuación deste exercicio será de 0 a 18 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 9 puntos para superalo, dado o seu carácter eliminatorio.

Trala realización deste segundo exercicio e a súa avaliación, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do terceiro exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de “NON APTO/A”.

- c) **Terceiro exercicio.** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdooos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO”. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 1, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

9.1.2.1. Desenvolvemento das probas da oposición.

As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e, de resultar necesario, dos colaboradores e especialistas designados.

Os/as aspirantes serán convocados por orde alfabética do primeiro apelido para cada exercicio en chamamento único, de maneira que quen non compareza será excluído.

Para a realización dos exercicios, farase un chamamento a viva voz, e declarárase decaído no seu dereito ao aspirante que non compareza para a realización do exercicio, que quedará excluído do proceso selectivo. Unha vez concluído o chamamento para a realización da proba non se permitirá o acceso de ningún aspirante á/s sala/s ou aula/s na/s que esta teña lugar. Tampouco se permitirá a incorporación de ningún aspirante unha vez que se iniciaron as probas selectivas.

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.

As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das 48 horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coas súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.



Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirllles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

9.1.3. Presentación de reclamacións.

Contra a valoración provisional da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na valoración e procederase á publicación definitiva no taboleiro de anuncios (sede electrónica) e na páxina web do Concello, de ser posible.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba da fase de oposición. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.

En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

10ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal determinará a relación dos/as aspirantes por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación mais alta, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nas dúas fases do proceso selectivo. O tribunal non poderá facer proposta de nomeamento a favor dun número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Non obstante ó anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes ao de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, para o seu posible nomeamento como persoal laboral.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ós/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame dedúzase que carecen dos requisitos indicados na base 3ª da presente convocatoria.

Efectuarase unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza co fin de crear unha bolsa de emprego para cubrir necesidades futuras na cobertura temporal de postos ligados a praza da mesma natureza que a convocada.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.



En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1º) a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición; 2º) a notas máis alta no segundo exercicio da fase de oposición; 3º) a puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; e 4º) a puntuación mais alta no apartado de formación da fase de concurso.

De persistir o empate, este resolverase por orde alfabético dos/as apelidos e nome dos/as aspirantes.

11ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A.

O/a candidato/a finalista que fose proposto/a polo tribunal para ocupar a praza convocada deberá achegar, no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada, que serán os indicados na Base 3ª da presente convocatoria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia.

12ª.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Rematado o proceso selectivo, e á vista da documentación presentada, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral temporal ao aspirante correspondente notificándolle a tal efecto.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Previamente á sinatura do contrato, o/a aspirante contratado/a deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

13ª.- PERÍODO DE PROBA.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de un mes, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, agás cando o/a traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade no Concello de Ribeira, baixo calquera modalidade de contratación.

Durante o período de proba, o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe como si fora de plantilla, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Transcorrido o período de proba sen que se houbese producido o desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do/a traballador/a.

O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación e violencia de xénero, que poidan afectar ó/a traballador/a.

14ª.- BOLSA DE EMPREGO.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, e tal e como se dispón na Base 10ª, o Tribunal efectuará unha relación complementaria cos/as aspirantes que non obtivesen praza.



Coa relación complementaria que determine o Tribunal, procederase á formación dunha bolsa de emprego por orde decrecente da puntuación total final, co fin de cubrir necesidades futuras na cobertura temporal de postos ligados á praza da mesma natureza que a convocada.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

15ª.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

15.1 Situacións.

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- Disponibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.

No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorra un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.

- Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

15.2.Chamamentos.

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.



Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicárase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:

A.1) No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifieste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegárase unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

A.2) No suposto de rexeitamento da oferta, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas outras de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da



Alcaldía. Para iso, achegarase a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalguna das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

15.3. Dilixencias de chamamentos.

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicárase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

15.4. Baixa definitiva.

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:



- Solicitud de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

15.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

15.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

16ª NORMAS FINAIS.

Primeira.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ó tribunal encargado de xulgar os procesos e ás persoas que nel participan.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE:

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, PARA A COBERTURA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A SOLDADOR/A.

APELIDOS E NOME:
DNI:
ENDEREZO:



Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		

(*) Para as persoas que opten por relacionarse electronicamente con esta Administración para as comunicacións ou notificacións non suxeitas a publicación neste procedemento, a comunicación da dirección de correo electrónica servirá para enviarlle un aviso, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou na dirección electrónica habilitada única. En todo caso, a falta da práctica deste aviso no impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia número, de data, para a cobertura en propiedade dunha praza de **OPERARIO/A SOLDADOR/A** mediante o sistema de concurso-oposición:

1) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2) DECLARO que cumpro os requisitos sinalados na base 3ª da convocatoria, e que os datos consignados nesta solicitude son certos.

3) ACHEGO os seguintes documentos – base 4- (marcar con “X”):

☐ Documento nacional de identidade, NIE, pasaporte ou documento equivalente válido en dereito.

☐ Copia da titulación académica esixida.

☐ Celga 1 ou equivalente.

☐ Copia do permiso de conducir da clase B.

☒ Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de exame.

☒ Certificación de discapacidade (de ser o caso), xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo emitido por órgano competente.

☒ Relación dos méritos.

☒ Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

4) ELIXO a seguinte lingua para a realización dos exercicios da oposición (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das celas entenderase que o opositor opta pola lingua galega).

☐ Castelán

☐ Galego

5) AUTORIZO ao Concello de Ribeira a relacionarse electronicamente en todos os trámites deste procedemento non suxeitos a publicación, que precisen de comunicación ou notificación individual (Marcar cun “X”. De non marcar ningunha das delas entenderase que o/a opositor/a non autoriza a comunicación electrónica).

☐ SI

☐ NON

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA



ANEXO II:

TEMARIO

PARTE XERAL

1. A Constitución española de 1978: Estrutura. Título Preliminar.
2. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais.
3. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

PARTE ESPECÍFICA

4. O Concello de Ribeira. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Rúas, prazas e situación das súas principais infraestruturas, edificios e servizos públicos.
5. Materiais metálicos que se utilizan en soldadura e carpintería metálica. Materiais planos, perfíles, tubos e similares.
6. Ferramentas utilizadas na carpintería metálica. Equipos de traballo a motor, equipos pneumáticos. Equipos de traballo portátiles. Motores de dous tempos.
7. Medición en campo. Toma de datos.
8. Operacións de corte de pezas e perfíles. Diferentes métodos e máquinas para a súa realización.
9. Soldadura eléctrica con electrodo revestido. Preparación das pezas para unir. O equipo de soldadura, axuste e mantemento. Consumibles tipoloxía e aplicacións. Procedementos de soldadura. Posicións de soldeo. Acabado da soldadura.
10. Soldadura MIG-MAG. Preparación das pezas para unir. O equipo de soldadura, axuste e mantemento. Consumibles tipoloxía e aplicacións. Procedementos de soldadura. Posicións de soldeo. Acabado da soldadura.
11. Soldadura Oxiacetilénica e Oxicorte. Preparación das pezas para unir. O equipo de soldadura, axuste e mantemento. Consumibles tipoloxía e aplicacións. Procedementos de soldadura. Posicións de soldeo. Acabado da soldadura.
12. Traballos e reparacións con aluminio. Particularidades do aluminio, diferenzas con outros metais. Ferramentas e equipos de traballo. Unións non soldadas (aparafusadas, remachadas, ensambladas ...). Unións pegadas. Unións soldadas.
13. Principais defectos e anomalías nas soldaduras.
14. Prevención de riscos laborais. Riscos asociados ó posto de soldador/a. Normas de seguridade específicas para soldadura. Equipos de protección individual. Protección do corpo. Protección respiratoria. Protección ocular. Tipo de protección. Tipo e niveis dos filtros.



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 02/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 02/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/02/2024 13:40:01



**23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
Mónica Santamaría Abeijón (CARBALLOSA)**

VISTO o escrito presentado por **Mónica Santamaría Abeijón**, en representación do establecemento “Carballosa Cafetería, S.L.”, de data 30/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.422), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira), o día 03/02/2024, en horario de 23:00h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Mónica Santamaría Abeijón**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira), o día 12/02/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira) (**Mónica Santamaría Abeijón**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

24.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Ángel Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Ángel Petrovich Costa**, de data 29/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.258), no que solicita autorización para a instalación de dúas atraccións de feira (Parque de Bolas (1 m. x 2 m.) e Pesca de Patos (1 m. x 1 m.)), os días 7 ao 16/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación de dúas atraccións de feira (Parque de Bolas (1 m. x 2 m.) e Pesca de Patos (1 m. x 1 m.)), os días 7 ao 16/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

25.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Sergio Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Sergio Petrovich Costa**, de data 29/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.255), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Camas Elásticas (1 m. x 2 m.)), os días 7 ao 16/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira (Camas Elásticas (1 m. x 2 m.)), os días 7 ao 16/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



26.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Francisco Cazador Serafín

Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín**, de data 29/01/2024 (Registro de entrada nº 2.255), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Inchable (1 m. x 1 m.)), os días 7 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira (Inchable (1 m. x 1 m.)), os días 7 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

